



No curso dos anos vinte e, sobre todo, primeiros trinta, dáse un momento extraordinario na cultura peninsular de alianza entre a imaxinación política e a cultura paisana. Daquela as formas populares forneceron de materia colectiva para ver e facer ver os soños de emancipación política da man de varias xeracións de artistas, artesáns, escritores, activistas e veciños. As vibracións demóticas do século, as demandas plebeas de xustiza, as loitas pola liberación internacional dos pobos e a ameaza incipiente do fascismo crearon un clima de época no que as formas e os significados souberon atoparse construindo un imaxinario democrático que aínda hoxe nos habita.

Esa articulación foi posible grazas á enerxía prodixiosa dunha cultura popular capaz de responder ás transformacións modernas en chave de vangarda incorporando as tecnoloxías do seu tempo. Unha imaxinación colectiva que lostreguea nos entroidos vigueses –cos seus *merdeiros*, satirizando a chegada de labregos desposuídos á cidade–, filmados n'*A Traxedia do Xirobio*, unha cinta de José Signo Garcés baseada nunha *Cousa de Castelao*. Ou que vibra na reinvencción contemporánea das tradicións líricas ibéricas, como nese prodixio de fusión de ritmos e cantos andaluces, castelás e galego-portugueses que son os *Seis poemas galegos* de García Lorca, fillos da intensidade política dos anos trinta, e de moitos encontros prohibidos entre pobos, tempos, corpos e linguas.

Son dúas décadas de experimentos estéticos e creacións colectivas incesantes. Xa en 1915 Castelao titulara nun lenzo que «A verdade está fóra», a propósito do seu distanciamento da Igrexa Católica, que se entendeu como unha institución especializada na contención moral, na desactivación da indignación civil, incapaz de acabar nin coas dores dos corpos, nin coa desigualdade do mundo. Esa vocación dun ollar para de fronte da verdade, esa vontade de vela e de facela ver, move en Castelao un traballo gráfico de décadas, nos seus diversos álbums de estampas. Delas proveñen non poucas imaxes políticas, como as dos cartaces da campaña en favor do Estatuto Galego de 1936, que o Franquismo detivo. E delas aínda destaca a forza poética desa vaca alegórica que se cría na Galicia pero que se muxe en Madrid. Ese tótem dálle un corpo público ás relacións de dominio que a cultura dominante volvera invisibles até entón.

Pero a revolución republicana e galeguista non extrae soamente a súa poesía do porvir, mais tamén dos seus pasados civís, da súa historia de loitas cidadáns, dos seus mitos soberanos, como o caso da memoria dos mortos de Carral, da primavera insurxente de 1846 na que miles de galegos se levantaron para reclamar dereitos democrático-s e soberanía política. Foron recordados en 1931 polas Irmandades da Fala entre corpos de rapazas que queren encarnar a historia como ideal, nas vésperas –sen sabelo– dun holocausto aínda peor.

A república das vacas: cultura popular e emancipación política